



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SOBRADO

*Convocatoria para a elección de xuíz de paz titular do Concello de Sobrado*

**1.º.-Obxecto.**-Elección do cargo de xuíz titular do Xulgado de Paz de Sobrado. Aquelas persoas que reúnan as condicións legais establecidas na Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xuño, do Poder Xudicial (LOPX), poden presentar solicitude para exercer o cargo de xuíz de paz titular deste municipio.

**2.º.-Solicitudes.**-As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, manifestando que reúnen todas as condicións legalmente esixidas, deberán dirixirse ao Sr. alcalde-presidente do Concello de Sobrado e presentarse no Rexistro do Concello ou polo procedemento do art. regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP

**3.º.-Condicións legais dos aspirantes.**

- Ser español e maior de idade.
- Non estar incapacitado segundo o establecido no artigo 303 da LOPX.
- Non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da dita LOPX, no que sexa de aplicación aos xuíces de paz.

**4.º.-Documentación que se xuntará coa solicitude.**

- Certificado de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- Declaracións responsables nas que consten os extremos ós que se fai referencia nos apartados b) e c) do punto anterior.
- Certificado de penais, expedido pola Xerencia do Ministerio de Xustiza, e declaración complementaria do artigo 2.º da Lei 68/1980, no seu punto a) de non atoparse inculcado ou procesado.
- Xustificación dos méritos que alegue.

**5.º.-Elección e nomeamento** A elección de xuíz de paz titular será efectuada polo pleno do Concello de Sobrado, mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros. O candidato proposto polo Concello será nomeado xuíz de paz titular pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza por un período de catro anos.

Sobrado, a 3 de outubro de 2024

O alcalde

Luis Lisardo Santos Ares

2024/6952